- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas, valorando o ritmo e a entoación.
- Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
6	Sen Barreiras nin distancias	13

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Le e extrae a idea dun texto escrito adecuado ao nivel.	PE	86
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Coñece os medios de comunicación escrita como: A carta e o correo electrónico e identifica as súas partes.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Escribir unha carta a un compañeiro da clase e un correo electrónico a profesora		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Relaciona fábulas coas súas ensinanzas e con refráns.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Completar unha fábula coñecida.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Recoñece palabras que se escriben con c e qu e con c e z . Emprega esta grafía en palabras estudadas. Coñece o uso do r e o emprega na escritura.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Recoñece e distingue os numerais ordinais dos numerais cardinais. Identifica os indefinidos.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Diferencia as palabras homófonas das polisémicas. Coñece as normas ortográficas do r e das palabras con c e qu, e con c e z.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Recoñece e emprega o vocabulario novo.	TI	14
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Emprega a lingua galega nas interaccións orais que o demandan.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Le textos variados con velocidade e fluidez axeitadas á súa idade.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca propia con textos da literatura infantil galega.	Fai uso da biblioteca.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Busca libros na biblioteca.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas actividades de lectura da biblioteca de aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Selecciona libros en galego da biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega. - Procesos: produción oral. - Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de uso cotián. - Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes). - Procesos: comprensión lectora. - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo. - Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega. - Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega. - Procesos: produción escrita - Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación. - Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer. - Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores. - Construción da identidade lectora empregando textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.

Contidos

- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
7	Un gol á discriminación	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado	PE	90
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Distingue un texto informativo dun texto expositivo. Valora e selecciona a información atopada.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais sinxelos que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Escribe un pequeno texto que se poida publicar nun blog sobre os deportes.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita..	Investiga a cerca da aparición do feminismo e elabora un texto expositivo para expoñelo na clase.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Buscar alimentos saudables propios da época do ano na que estamos. Enquisa sobre hábitos alimenticios na aula. Exposición resultados.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica os verbos. Os clasifica polos seus tempos. Recoñece a persoa e o número, así como o modo. Identifica palabras que se escriben con g, gu e gü e a diferenza entre "por que" e "porque".		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Identifica palabras da mesma familia. Sabe o significado do vocabulario que aparece nos textos estudados.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae idea principal.	TI	10
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Expresa resultados dunha investigación con coherencia. Investiga a cerca dalgúns deportes indicados		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Expresa opinión propia e respecta a dos seus compañeiros/as.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Emprega a linguaxe sen facer discriminacións.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa en actividades de lectura.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís). - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos. - Procesos: produción oral - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos. - Xéneros discursivos

Contidos

- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluídos os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
8	Incribles capacidades	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Le e extrae a idea dun texto escrito adecuado ao nivel.	PE	82
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Escrebe un cómic		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Participa nas actividades literarias propostas.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Escrebe una reseña dun cómic. Título, tema e indica por que lle gustou.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Emprega os pronomes persoais para non repetir palabras. Os reconece nun texto e sabe diferenciar entre pronomes tónicos e átonos.. Sabe indicar a súa persoa e número. Identifica unha oración e a sabe separar en suxeito e predicado, sinalando en primeiro lugar o verbo. Reconece palabras derivadas.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Reconece os verbos como accións. Identifica palabras escritas con h e con nh, emprega esta grafía en palabras estudadas. Diferencia entre Aí, hai, e aí!		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respecta a diversidade e diferenzas de quen o/a rodean.	TI	18
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.	Reconece lendas de tradición oral.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Recomenda unha película. Aporta 2 razóns polas que a valora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece e rexeita as discriminacións feitas nunha película determinada.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Le con velocidade e fluidez axeitadas á súa idade.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca propia con textos da literatura infantil galega.	Ler un cómic. Participa nas actividades realizadas na biblioteca.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece as discriminacións nun texto sobre mulleres científicas.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Busca libros en galego na biblioteca.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	Atopa as similitudes entre un cómic e un conto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.

Contidos

- Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen intereses e gustos.
- Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de uso cotián.
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión

Contidos

- escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Valoración do texto literario galego e da literatura en xeral, como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero e número) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.

UD	Título da UD	Duración
9	O partido da vida	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Diferencia entre unha obra teatral dun conto. Identifica os pasos necesarios que se deben levar a cabo para representar unha obra de teatro. Recoñece as vantaxes de facer teatro.	PE	98
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece os adverbios como palabras que expresan lugar, tempo, modo, cantidade, afirmación, negación ou dúbida. Diferencia entre unha palabra primitiva e as súas derivadas. Recoñece a súa raíz. Identifica os prefixos e os sufixos como un medio para formar palabras derivadas. Palabras con x.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Exprésase sen facer uso discriminatorio da lingua	TI	2

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Procesos: produción escrita - Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Afrontarase dous tipos de metodoloxías combinadas ao longo do curso. Unha metodoloxía tradicional onde o profesor e o que presenta os contidos que o alumno vai a traballar e outra metodoloxía activa, innovadora onde o profesor será un mediador e guía, e o alumno o centro da aprendizaxe.

Os alumnos terán que explorar e investigar, buscando información para resolver as cuestións plantexadas. Debatirán entre eles, na procura da resolución das preguntas propostas. Utilizarán as súas tablets e outros recursos que lle ofrece o medio. Fomentando neste tipo de traballo a interacción entre os compañeiros.

Polo tanto combinarase o traballo individual co traballo en grupo.

Darase importancia a uns hábitos de traballo, fundamentais para o longo do curso: organizar o traballo e o tempo, ter a man o material necesario para traballar.

Os grupos de traballo en equipos serán heroxéneos, mixtos e diversos.

A aula estará organizada de distintas formas dependendo a actividade que se vaia a realizar: En forma de U, en filas de 1 no traballo individual ou en equipos de 3 ou 4 persoas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto e dixital do alumno da editorial seleccionada.
Ordenador de aula e proxector.
Tablets con diferentes apps: Gmail, drive, Classroom, docs, comic pupplets, Pic Collage, Imovie, Tc Studio, Canva...
Blog de clase https://tercerocv2017.blogspot.com/
Blog de Galego https://galego3cv.blogspot.com/
Dicionario de lingua galega.
Libro de lectura
Biblioteca escolar de aula e do centro.

Material funxible: Cadernos, bolígrafos, etc
Aula virtual da clase.
Recursos fotocopiabiles.
Outros materiais necesarios para realizar os proxectos.

Nesta programación fórmase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.

Polo tanto, os primeiros días realizarase unha avaliación inicial que consistirá en:

- Lectura en voz alta para ver o grado de entoación, velocidade e ritmo.
- Ditado, mediante o cal poderei comprobar a grafía, faltas ortográficas, o orden, signos de puntuación e a unión e separación de palabras.
- Redacción para ver a súa forma de expresarse, a cerca dunha película visualizada ou dun texto lido.
- Copia, para ver o seu grao de atención ao copiar.
- Ficha de comprensión lectora, coa cal saberei o grado no que se atopa.
- Aspectos gramaticais.
- Xunto coas probas realizadas polo departamento de orientación determinarán o comezo do curso e o proceso educativo a seguir.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	12	12	11	11	11	11	10	11	100
Proba escrita	83	90	84	88	83	86	90	82	98	87
Táboa de indicadores	17	10	16	12	17	14	10	18	2	13

Criterios de cualificación:

As probas que se utilizarán serán diversas e así a súa puntuación:

- Probas escritas dos contidos traballados nas distintas unidades, onde se dará 1 punto por cada unha das actividades que forman un exercicio ou polo conxunto de apartados que formaría cada número desta proba, sempre e cando a suma total dos puntos sume 10, senón a valoración sería a parte proporcional.

- As actividades da aula virtual e as dos cadernos deberán estar completos con tódalas actividades que se mandaron facer na propia clase e seguindo as pautas de presentación explicadas. Non acadando avaliación positiva no conxunto da materia se están incompletos.
 - Os traballos de expresión escrita servirán para a nota de expresión, sendo obrigatorio a súa presentación para acadar avaliación positiva na materia.
 - As sesións de lectura serán avaliadas cada vez que participe, tendo en conta a súa fluidez, entonación, precisión e velocidade lectora.
 - As probas de comprensión lectora farán media coas de expresión escrita e a nota resultante será unha nota máis para facer media coas probas realizadas das unidades.
 - As probas de Expresión, lectura, ortografía e de competencias, farán media entre elas. A nota obtida servirá para facer media coas probas escritas dos contidos traballados nese trimestre.
 - Os traballos en grupo farán media entre eles e da nota obtida fará media co resto das probas escritas.
 - Valorarase o esforzo persoal do alumno, engadindo ata un 10% a nota media obtida de todas as probas realizadas. O grao mínimo para a consecución da materia será:
 - Obter unha media dun 5 entre tódalas probas escritas ou orais realizadas.
 - Presentar os cadernos coas actividades feitas, seguindo as normas de presentación.
 - Entregar os traballos de grupo a tempo coas actividades completas, seguindo as normas indicadas.
- Os alumnos que obteñan unha media dun 5 das tres avaliacións do curso ou no seu caso, superen cunha media dun 5 a proba final, superarán esta materia.
- Terase en conta especialmente o esforzo realizado polo alumno ao longo do curso.

Criterios de recuperación:

- Entregar as actividades que non teña feitas, tanto da aula virtual, como do seu caderno, como do traballo en equipo. Se é necesario recibirán apoio durante o recreo para que o faga, se o solicita.
- Proba oral ou escrita dos contidos que non estudou no seu día.
- Potenciarase a lectura personal de libros da biblioteca de aula para mellorar o seu vocabulario, a comprensión lectora e a expresión escrita. Adxuntará unha ficha de lectura por cada libro lido.
- Preguntas de reforzo adxunta para cada unidade.
- Actividades de repaso que se farán ó final de cada tema.
- No caso de non superar durante o primeiro e segundo trimestre a materia, farase antes de rematar o terceiro trimestre unha proba final de todos os contidos esenciais dados no curso, que lle servirá de recuperación. Valorarase de forma especial o esforzo realizado polo alumno/-a

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas adoptadas para a atención á diversidade e para resolver as necesidades de mellora, en canto ao desenvolvemento dos obxectivos curriculares e a aspectos competenciais, irán encamiñadas a:

- Proporcionarlle procedementos que lles permitan adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión oral, á lectura, á escritura e o cálculo, numeración, coñecemento do medio natural e físico que lles rodea.
- Utilización de estratexias encamiñadas a favorecer un clima de silencio na clase.
- Fomentar o uso do galego como lingua propia e mostra de identificación de Galicia a través de cancións.
- Propoñer tarefas encamiñadas a ampliación do vocabulario galego.
- Guíalos con técnicas e consellos que os axuden a redactar textos adecuados ao seu nivel, dende a preparación ata a redacción e a corrección final.
- Provocar e facilitar situacións de reflexión persoal e toma de conciencia da necesidade de adquirir procedementos que lle levarán a mellorar.
- Programar tarefas que favorezan a reflexión sobre o control das emocións e xestionalas para evitar conflitos persoais.

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo. A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante.

Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optarase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (audios, vídeos, explicacións personalizadas, textos con palabras en negra...).

Trátase de potenciar habilidades e destrezas que leven ao coñecemento de diferentes formas de abordar as solucións da Lingua Galega potenciando a investigación.

Para todos os alumnos e as alumnas que o precisen:

- Actividades de reforzo e ampliación para cada unidade.
- Acudir á aula de Audición e Linguaxe, se teñen problemas de lecto-escritura, atención, comprensión, etc.
- Recibir axuda da profesora/-or de apoio, se teñen problemas en lectura e ortografía.
- Se teñen problemas de lecto-escritura non se terán en conta nas preguntas das probas que non avalíen a ortografía directamente.
- Uso do blog de galego: cancións, xogos e vídeos explicativos para motivar aos nenos con problemas de atención.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. Participando no Proxecto Endesa Educa Dixital: "Salvemos o mundo"	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes. Traballando o proxecto "Tecendo redes moradas"	X		X		X		X	X
ET.7 - Educación para a paz.			X		X			
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible. A través do Proxecto de centro "O coidado do Planeta"		X		X		X	X	
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X			X		X	X
ET.10 - Aprendizaxe cooperativo. Traballaremos proxectos como "Tecendo Redes Moradas, O coidado do Planeta e por último no Proxecto Educa Dixital "Salvemos o Mundo".	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. Participando no Proxecto Endesa Educa Dixital: "Salvemos o mundo"	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes. Traballando o proxecto "Tecendo redes moradas"	X
ET.7 - Educación para a paz.	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible. A través do Proxecto de centro "O coidado do Planeta"	X
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	
ET.10 - Aprendizaxe cooperativo. Traballaremos proxectos como "Tecendo Redes Moradas, O coidado do Planeta e por último no Proxecto Educa Dixital "Salvemos o Mundo".	X
ET.11 - Educación en valores	X

Observacións:

Aínda que todos os elementos transversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito moi claro.

Traballaranse segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos de alumnos, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos alumnos máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

E os outros temas transversais se traballarán a través dos proxectos de centro e da propia clase.

- Proxecto "Tecendo redes moradas"

- Proxecto " O Coidado do planeta"

- Proxecto "Endesa Educa dixital: Salvemos o Mundo"

- Proxecto valor do Centro deste ano " A PACIENCIA".

Ademais poderase participar noutros proxectos que poidan aparecer a longo do curso e resulten interesantes para a formación do alumnado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao auditorio para ver algunha obra de teatro.	Organizadas polos profesores do 2º ciclo ou do centro.	X		
Visita dun autor ou dun ilustrador	Elemento motivador para que lean e escriban.		X	
Elaboración de traballos para participar nalgún concurso escolar.	Elemento motivador	X	X	X
Elaboración de poemas, contos, resumos, redaccións, etc.	O tema estará proposto.	X	X	X
Búsqueda en internet ou nunha biblioteca, para elaborar un traballo solicitado	Contrastando a información recollida.	X	X	X
Celebración nas festas do colexio	Entre elas temos:Festa dos fundadores,Milagrosa, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do libro, Día das letras galegas, Mes de maio, Semana da ciencia.	X	X	X
Actividades do Proxecto Coida o teu planeta	Participación no Proxecto de centro COIDA DO TEU PLANETA: Elaboración de materiais novos reciclando envases	X	X	X
Actividades realacionadas co Proxecto "Tecendo redes moradas"	Traballaranse a igualdade de xénero.	X	X	X
Traballos en equipo e individual coas tablets	Cromas, vídeos que traballan os contidos, etc	X	X	X
Participación en diferentes proxectos	Elemento motivador	X	X	X

Observacións:

A participación do alumnado nas actividades complementarias propostas contribúe na consecución dos obxectivos propostos na área para o terceiro curso.

Os elementos transversais tamén estarán presentes no deseño e realización de todas as tarefas relativas as actividades extraescolares programadas polo centro.

Estas son as previstas, pero ao longo do curso poden aparecer outras interesantes que se poden levar a cabo.

Así como todas as que aparecen no calendario escolar e deben ser abordadas dende o punto de vista das matemáticas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
- Porcentaxe de alumnado que acada unha valoración positiva na materia de Galego. Indicador de logro: 75% do alumnado debe ter avaliación positiva.
- Hai coherencia entre o que se programou e o desenvolvemento das clases.
- Porcentaxe de alumnado que supera cada un dos diferentes instrumentos de avaliación empregados. Instrumentos de avaliación: polo menos o 65% do alumnado supera cada un dos tipos de instrumentos de avaliación empregados.
- Os criterios de cualificación están axustados a tipoloxía de actividades planificadas.
Metodoloxía empregada
- A metodoloxía empregada fomenta a motivación e o desenvolvemento do alumnado.
- Valórouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes
Medidas de atención á diversidade
- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
- Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.
- Ofrecéronse respostas ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe
Clima de traballo na aula
- Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
- Porcentaxe de alumnado que o curso pasado suspendera a materia de galego e que este curso acadou unha valoración positiva. Indicador de logro: 50% do alumnado debe ter avaliación positiva.

Descrición:

Os criterios serán os seguintes:

- Os obxectivos establecidos foron conseguidos na súa totalidade pola maioría dos alumnos/-as.
- Os contidos foron axeitados.
- Os materias empregados foron suficientes.

- O tempo empregado foi o necesario.
- A metodoloxía empregada foi adecuada.
- Cousas que se poderían cambiar ou mellorar.
- Observacións.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos ao finalizar o curso ou trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

1. Accións de contribución a Plan TIC

Plan TIC:

O emprego de:

- O blog da clase (deberán saber enviar calquera traballo dixital feito nas tablets ao blog da clase),
- O libro dixital (saber manexalo no seu estudo).
- Das tablets (utilización de apps para presentar un problema inventado, visualizar vídeos tutoriais, búsqueda de información,etc)
- Enviar traballos a través do Airdrop.
- Uso dos navegadores para búsqueda de información necesaria para a realización dun traballo proposto.

2. Accións de contribución a Plan de Convivencia

Establécense unhas normas para o bo funcionamento da clase que deberán redactar como:

- Pedir permiso para poder falar.
- Non interromper a quen fala.
- Respetar as opinións dos demais.
- Axudar ao compañeiro que me necesita.
- Facer traballos en grupo e cumprir cos roles marcados.